

CONVOCATORIA DE BOLSAS DE COLABORACIÓN PARA FORMACIÓN COMPLEMENTARIA DO ESTUDANTADO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA. CURSO 2020-2021

A Universidade da Coruña e o Banco Santander convocan bolsas de colaboración para formación complementaria do estudiantado da Universidade da Coruña (UDC).

OBXECTO DAS BOLSAS

O obxecto desta convocatoria é a adxudicación de 99 bolsas de colaboración para formación, que permitan a formación teórica e práctica do estudiantado matriculado nun centro propio da Universidade da Coruña, en estudos conducentes á obtención dun título oficial de Grao, mediante a realización de actividades de colaboración en diferentes áreas de interese formativo.

A dotación total das bolsas será de douscentos trinta e cinco mil catrocentos vinte e un euros con dez céntimos (235.421,10€) con cargo á partida orzamentaria 03.00.03.00.31 422D 480.00. Sen prexuízo de que este importe puidese ser incrementado en función da dispoñibilidade orzamentaria.

REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Todas as persoas solicitantes dunha bolsa deberán cumprir os seguintes requisitos:

1. Estar matriculadas na UDC e ao corrente do pagamento no curso 2020-2021, en estudos oficiais de grao dos centros propios, antes do remate do prazo para solicitar a bolsa.
2. Ter superado o 30% dos créditos en actas confirmadas, na titulación onde estean matriculadas á data de finalización do prazo de solicitude das bolsas.
3. Non percibir ningunha bolsa/axuda económica incompatible.

Estas bolsas son incompatibles coas bolsas de colaboración do Ministerio de Educación, coa convocatoria de bolsas de colaboración en EXPONAV 2020 da UDC e calquera outra para o mesmo fin.

Non se poderá realizar ningunha actividade económica retribuída que supoña a obtención de ganancias superiores ao trinta por cento do salario mínimo interprofesional (30% SMI), durante o goce da bolsa.

Non se poderá percibir a prestación por desemprego que supoña a unha contía superior ao 30% SMI, durante o goce da bolsa.

Para estes efectos, poderáselle solicitar á persoa interesada unha certificación da Axencia Tributaria, acreditativa do seu nivel de rendas.

Estas bolsas son compatibles coas bolsas de carácter xeral do Ministerio de Educación, da Administración Autonómica e coas bolsas e axudas convocadas pola UDC (transporte, residencias, comedor e dificultades económicas).

A obtención simultánea dunha bolsa convocada por esta resolución con algunha bolsa/axuda incompatible, será causa de reintegro das cantidades percibidas.

Non obstante e sen prexuízo do anterior, cando un/unha estudante sexa beneficiario/a dunha bolsa convocada por esta resolución e dunha das bolsas de colaboración para formación

complementaria en departamentos universitarios da UDC, curso 2020-2021, deberá aceptar só unha delas.

4. Non estar en posesión nin reunir os requisitos legais para a expedición dun título universitario na data de inicio do goce da bolsa.
5. Os/as borseiros/as de colaboración deberán manter a condición de estudantes de grao da UDC durante o período completo da duración da bolsa.
6. A perda da condición de estudante dunha titulación de Grao da UDC, suporá o cesamento automático da bolsa e a perda dos dereitos que esta leva consigo.
7. Non poderá solicitar unha bolsa de colaboración a persoa que gozase con anterioridade doutra bolsa de colaboración da Universidade da Coruña.
8. Ter un perfil académico relacionado coa actividade obxecto da bolsa. Alén dos requisitos anteditos, a persoa solicitante dunha bolsa, deberá cumprir en cada caso os requisitos específicos que figuran no Anexo I correspondentes ás distintas áreas de formación, se os houber.

FORMALIZACIÓN DAS SOLICITUDES

As solicitudes deberán cumprimentarse a través da aplicación informática á que se accede desde a ligazón <http://bolsas.udc.es>.

No momento da solicitude deberá cubrir unha *Declaración de responsabilidade* de que non está incurso en ningunha causa de incompatibilidade, das establecidas nesta convocatoria.

A persoa solicitante só poderá presentar a súa candidatura a tres bolsas por orde de preferencia, que cumpran as condicións. No caso de exceder ese número, quedarán anuladas todas as solicitudes presentadas.

CONTÍA E PERÍODO

O importe bruto da bolsa será de 240€ mensuais, ao que se lle aplicarán as retencións correspondentes a conta do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, conforme ao previsto na norma reguladora dese imposto.

Así mesmo, descontarase deste importe a cotización da Seguridade Social correspondente á persoa adxudicataria, segundo o disposto no Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e condicións de inclusión no Réxime Xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación.

O pagamento efectuarase con referencia á situación do dereito da persoa borseira ao día último día do mes que corresponda.

A duración destas bolsas será o período comprendido entre o día 16.11.2020 e o 31.05.2021, cunha dedicación de 8 horas semanais, sen que o tempo de dedicación diaria poida exceder de catro horas.

O horario concertarase coa persoa titora tendo en conta a ocupación lectiva da persoa adxudicataria.

COMISIÓN DE SELECCIÓN E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A Comisión de Selección encargada de valorar as solicitudes será a Comisión de Extensión Universitaria, delegada do Consello de Goberno, ligazón:

https://www.udc.es/gl/goberno/organos_colexiados_e_estatutarios/consello_goberno/comisions_estabiles/index.html

Vicerreitoras:

Lombardía Cortiña, María José (presidenta)
López Villar, Cristina

Profesorado:

Ávila Álvarez, Adriana Ivette
Calvo Rolle, José Luis
Dopico Calvo, Xurxo
Ladra González, Susana
Busto Lago, José M.
Martín Santamaría, María José

Representantes do estudantado:

Bañón Goiriz, María
Rey Furelos, Martín

Representantes do persoal de administración e servizos:

Pernas Ladra, Juan Manuel

A Comisión de Selección está facultada para resolver calquera dúbida relacionada coa convocatoria.

1.- Criterios de avaliación para Tarefas Informáticas – Aulas Net

1. Expediente académico: 80% (máximo 8 puntos), tendo en conta a nota media simple calculada segundo a Resolución do 15.09.2011 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG do 30 de setembro), na data da fin do prazo de solicitude da convocatoria.

A valoración será ponderada sobre 10. As notas medias de ensinanzas técnicas multiplicaranse polo coeficiente 1,17.

2. Outros méritos: 20% (máximo 2 puntos)

2.1 Experiencia documentada relacionada co obxecto da bolsa: prácticas, traballo (máximo 1 punto)

0,1 puntos por mes a tempo completo

2.2 Formación complementaria específica nas materias obxecto da bolsa á que se opta (máximo 1 punto)

Cursos inferiores a 10 horas: 0,1 puntos

Cursos entre 10-19 horas: 0,2 puntos

Cursos entre 20-49 horas: 0,3 puntos

Cursos de máis de 49 horas: 0,4 puntos

Só se valorarán os méritos que se acrediten documentalmente referidos á data de finalización de presentación de solicitudes.

2.- Criterios de avaliación para o resto de bolsas

O expediente académico, tendo en conta a nota media simple calculada segundo a Resolución do 15.09.2011 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG do 30 de setembro), na data da fin do prazo de solicitude da convocatoria.

A valoración será ponderada sobre 10. As notas medias de ensinanzas técnicas multiplicaranse polo coeficiente 1,17.

PUBLICACIÓN DE LISTAXE PROVISIONAL E RESOLUCIÓN DEFINITIVA

Publicarase no Taboleiro Electrónico Oficial da Universidade da Coruña (TEO) unha listaxe provisoria de persoas admitidas e excluídas e abrirase un prazo 5 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación, para presentar reclamacións e/ou achegar a documentación requirida, segundo o motivo de exclusión.

Posteriormente publicarase no TEO a listaxe definitiva das persoas adxudicatarias das bolsas e a listaxe de agarda.

Contra esta resolución, a persoa interesada poderá interpoñer un recurso de reposición perante o reitor no prazo dun mes.

OBRIGAS DA PERSOA BOLSEIRA

A persoa bolseira comprométese a realizar a súa actividade formativa seguindo as indicacións da persoa titora.

O incumprimento por parte da persoa bolseira dalgunha das condicións recollidas nestas bases suporá a perda da bolsa concedida e mesmo o reintegro das cantidades percibidas.

A persoa bolseira comprométese a presentar ao responsable da súa titorización unha memoria das actividades formativas realizadas para a súa conformidade, antes do 30.04.2021

O incumprimento desta obriga suporá o reintegro das cantidades percibidas.

O orixinal da memoria quedará custodiado na Unidade en que se desenvolva a bolsa e a persoa titora enviará un arquivo en pdf da dita memoria ao Servizo de Estudantes-SAPE ao enderezo sape@udc.gal.

ACEPTACIÓN E RENUNCIA

Coa aceptación da bolsa, a persoa interesada comprométese a cumprir todas as condicións recollidas nesta convocatoria e na Resolución definitiva de adxudicación das bolsas. Deberase efectuar no prazo de 3 días hábiles desde o día seguinte á publicación da resolución de adxudicación das bolsas no TEO.

A presentación da documentación necesaria para formalizar a aceptación, realizarase telemáticamente segundo se indique na Resolución definitiva de adxudicación das bolsas

Para a aceptación, a persoa interesada con bolsa adxudicada, deberá presentar os seguintes documentos asinados:

- Impreso de aceptación
- Impreso de alta de persoal
- Documento acreditativo do número de NUSS (número de usuario da Seguridade Social)

Os impresos están dispoñibles na ligazón http://www.udc.gal/sape/descarga_documentos/

Ademais, dentro do prazo indicado para a aceptación, as persoas adxudicatarias deberán:

- Solicitar a alta dunha conta bancaria do Banco Santander, onde desexen que se realicen os ingresos pertinentes, a través da Sede Electrónica da Universidade da Coruña (<https://sede.udc.gal>) seleccionando nos trámites de xestión económica o de "alta/baixa/modificación terceiros". Poden acceder directamente desde a ligazón:

https://sede.udc.gal/services/procedures/ECO_003/start

Durante o proceso deberán entregar un documento xustificativo do número de conta para a alta e outro arquivo con copia do seu documento de identificación.

- Inscribirse na plataforma de bolsas do Banco Santander na ligazón que se indicará na resolución definitiva da convocatoria.

Se no prazo de 3 días hábiles non se recibise a aceptación da persoa adxudicataria, entenderase que renuncia á bolsa.

As comunicacións coas persoas da listaxe de agarda que, por renuncia das persoas adxudicatarias tivesen dereito ao aproveitamento da bolsa, realizaranse a través da conta de correo electrónico da UDC, indicada na solicitude, con confirmación de entrega, e disporán dun prazo de 3 días hábiles para aceptar a bolsa mediante algunha das formas descritas anteriormente. No caso de non obter contestación no prazo indicado entenderase que renuncia.

Todas as baixas que se produciren antes do 01.03.2021 serán substituídas pola seguinte persoa da listaxe de agarda.

Esta convocatoria debe ser integrada e interpretada ao abeiro do *Regulamento de bolsas de colaboración para formación na Universidade da Coruña, aprobado na sesión do Consello de Goberno do 31.05.2016*:

https://sede.udc.gal/services/electronic_board/EXP2016/000500/document?logicalId=270a83d5-bfff-4160-a362-1d399f71945f&documentCsv=5O6VOVJQOEAVDMH32QJ1IB5V

Calquera dúbida relacionada con esta convocatoria pode consultala a través do correo electrónico: sape@udc.gal

PRAZO DE SOLICITUDES

O prazo de solicitude será desde o día seguinte á publicación desta convocatoria no TEO da Universidade da Coruña, até as 23:59 h do día 30 de setembro de 2020.

PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (“Regulamento Xeral de Protección de Datos” ou RXPDP), e do artigo 11 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informamos que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), sendo os seus datos de contacto Rúa Maestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981167000, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal

A solicitude dunha bolsa ao abeiro do Regulamento de bolsas de colaboración para formación complementaria na Universidade da Coruña, implica a aceptación do contido da convocatoria e a autorización para que os seus datos persoais sexan utilizados pola Universidade, de acordo coa LOPD e lexitimándose nalgunha de las bases previstas no artigo 6 do RXPDP, coa finalidade da correcta xestión das bolsas. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa citada finalidade cumprirán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da LOPD.

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consinte expresamente na publicación dos seus datos na resolución da solicitude no Taboleiro Oficial da Sede electrónica da UDC, na forma prevista na Disposición Adicional 7ª da Lei orgánica 3/2018, de protección de datos persoais. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada en dito taboleiro. A persoa interesada, se resultase adxudicataria dunha bolsa e a aceptase, consinte expresamente a transmisión da dirección da súa conta de correo electrónico asignada por la UDC ao Banco de Santander, calquera outro dato non será transmitido a terceiros a menos que exista consentimento previo de la persoa interesada ou base legal para esa transmisión. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos contemplados na LOPD.

A persoa interesada consinte no tratamento dos datos aos efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos.

Tales dereitos poderá exercelos:

- destacadamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais, que se pode cumprimentar na Sede electrónica da UDC (<https://sede.udc.gal/>) no apartado Outros trámites;
- mediante solicitude ao responsable do tratamento dos datos (UDC, Secretaría Xeral), á dirección Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa Maestranza 9, 15001, A Coruña, ou ao correo electrónico rpdp@udc.gal; tamén poderá presentarse a solicitude a través do rexistro telemático da Sede electrónica da UDC ou nos rexistros presenciais da UDC.

- mediante solicitude á persoa delegada de Protección de Datos, á mesma dirección postal anteriormente indicado, ou ao correo electrónico dpd@udc.gal; tamén se poderá presentar a solicitude a través del rexistro telemático da citada Sede electrónica ou os rexistros presenciais da UDC

Asemade, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

DISPOSICIÓN FINAL

Para os efectos previstos nos artigos 44 e 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, esta convocatoria e os sucesivos actos do procedemento a que atinxe, cuxa publicación se determina nestas bases, serán publicados no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC.

A Coruña, 18 de setembro de 2020

O reitor

Julio E. Abalde Alonso

**ANEXO I
RELACIÓN DAS BOLSAS DE COLABORACIÓN PARA FORMACIÓN COMPLEMENTARIA**

TAREFAS INFORMÁTICAS - AULANET	
CAMPUS A CORUÑA	Nº BOLSAS
ETS DE ARQUITECTURA	1
ETS DE ENXEÑEIROS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS	2
ESCOLA UNIVERSITARIA DE ARQUITECTURA TÉCNICA	1
FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN	2
FACULTADE DE CIENCIAS DO DEPORTE E A EDUCACIÓN FÍSICA	1
FACULTADE DE CIENCIAS DA SAÚDE	1
FACULTADE DE DEREITO	2
FACULTADE DE ECONOMÍA E EMPRESA	2
FACULTADE DE FILOLOXÍA	1
FACULTADE DE FISIOTERAPIA	1
FACULTADE DE INFORMÁTICA	2
FACULTADE DE SOCIOLOXÍA	2
CAMPUS FERROL	Nº BOLSAS
EDIFICIO DE APOIO AO ESTUDO	2
ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR	1
ESCOLA UNIVERSITARIA DE DESEÑO INDUSTRIAL	1
ESCOLA UNIVERSITARIA POLITÉCNICA	2
FACULTADE DE CIENCIAS DO TRABALLO	1
FACULTADE DE ENFERMARÍA E PODOLOXÍA	1
FACULTADE DE HUMANIDADES E DOCUMENTACIÓN	1

ÁREAS		
CAMPUS A CORUÑA	REQUISITOS ESPECÍFICOS	Nº BOLSAS
Campus INNOVA Campus Elviña	Estar matriculada nalgún dos seguintes Graos: <ul style="list-style-type: none"> • Comunicación Audiovisual • Creación Dixital, Animación e Videoxogos 	1
Centro Unide de Formación e Innovación Educativa (CUFIE) – Teleformación Campus Elviña	Estar matriculada no 3º ou 4º curso do Grao en Comunicación Audiovisual	2
Centro de Estudos de Xénero e Feministas (CEXEF) Campus Riazor	Estar matriculada no Grao en Comunicación Audiovisual	1
	(Requisitos xerais)	1

Programa Espazo Compartido Campus Riazor	Estar matriculada no 3º ou 4º curso dunha titulación de Grao	1
NORMAL – Cultura Campus Riazor	Estar matriculada no Grao en Comunicación Audiovisual	1
Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV) Campus Elviña	Estar matriculada nunha titulación de Grao impartido nos Campus de Coruña	1
Oficina de Medio Ambiente (OMA) Campus Elviña	Estar matriculada nun Grao no Centro do que se solicita bolsa: <ul style="list-style-type: none"> ETS de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos Facultade de Ciencias - Grao en Química Facultade de Ciencias da Comunicación 	3 UNHA BOLSA para cada centro
OMA – Green Campus Varios campus	Estar matriculada nun Grao no Centro do que se solicita bolsa: <ul style="list-style-type: none"> ETS de Arquitectura ETS de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos ETS de Náutica e Máquinas EU de Arquitectura Técnica Facultade de Ciencias - Bioloxía Facultade de Ciencias da Educación Facultade de Ciencias da Saúde Facultade de CC do Deporte e a Educación Física Facultade de Dereito Facultade de Economía e Empresa Facultade de Filoloxía Facultade de Fisioterapia Facultade de Informática Facultade de Socioloxía 	14 UNHA BOLSA para cada centro
Oficina de Relacións Internacionais (ORI) Campus Elviña	Estar matriculada no Grao en Enxeñaría Informática	1
	Estar matriculada no Grao en Inglés: estudos lingüísticos e literarios	1
Publicacións Campus Elviña	Estar matriculada nalgún dos seguintes Graos: <ul style="list-style-type: none"> Información e Documentación Xestión Dixital da Información e Documentación Impartidos na Facultade de Filoloxía 	1
Servizo de Arquitectura, Urbanismo e Equipamentos (SAU) Campus Elviña	Estar matriculada nalgún dos seguintes Graos: <ul style="list-style-type: none"> Estudos de Arquitectura Paisaxe 	1

Servizo de Estudantes Campus Elviña	Estar matriculada en 3º- 4º do Grao en Comunicación Audiovisual	1
UDC Saudable Campus Riazor	Estar matriculada nalgún dos seguintes Graos: <ul style="list-style-type: none"> • Enfermaría (A Coruña / Ferrol) • Fisioterapia • Logopedia • Terapia Ocupacional • Podoloxía • Educación Infantil • Educación Primaria • Educación Social 	3
Unidade de Divulgación Científica e Cultural (UDCC) Campus Elviña	Estar matriculada no Grao en Enxeñaría Informática	1
CAMPUS FERROL	REQUISITOS ESPECÍFICOS	Nº BOLSAS
Campus Industrial Campus Esteiro	Estar matriculada nunha titulación de Grao impartido nos Campus de Ferrol	1
Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV) Campus Esteiro	Estar matriculada nunha titulación de Grao impartido nos Campus de Ferrol	1
Oficina de Igualdade de Xénero (OIX) Campus Esteiro	(Requisitos xerais)	1
OMA – Green Campus Campus Esteiro	Estar matriculada nunha titulación de Grao impartido nos Campus de Ferrol	2

LABORATORIOS		
CAMPUS A CORUÑA	REQUISITOS ESPECÍFICOS	Nº BOLSAS
ETS DE ARQUITECTURA	Estar matriculada nunha das titulacións do Centro do que se solicita a bolsa	3
ETS DE ENXEÑEIROS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS		3
ESCOLA UNIVERSITARIA DE ARQUITECTURA TÉCNICA		3
FACULTADE DE CIENCIAS DA SAÚDE		3
FACULTADE DE CIENCIAS DO DEPORTE E A EDUCACIÓN FÍSICA		2
FACULTADE DE FISIOTERAPIA		3
FACULTADE DE INFORMÁTICA		3

CAMPUS FERROL		
ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR		2
ESCOLA UNIVERSITARIA DE DESEÑO INDUSTRIAL		3
ESCOLA UNIVERSITARIA POLITÉCNICA		3
FACULDADE DE ENFERMARÍA E PODOLOXÍA		3

BIBLIOTECAS		
CAMPUS A CORUÑA	REQUISITOS ESPECÍFICOS	Nº BOLSAS
FACULDADE DE FILOLOXÍA	Estar matriculada nunha das titulacións de Grao impartidos na Facultade de Filoloxía	2